



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Voice-Over e Tradución de Documentais

Materia	Voice-Over e Tradución de Documentais			
Código	V01M079V01202			
Titulación	Máster Universitario en Tradución Multimedia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Dpto. Externo			
Coordinador/a	Vázquez Fernández, Marta			
Profesorado	Cortés Villarroya, Judith Vázquez Fernández, Marta			
Correo-e	martavazfer@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Esta materia está concibida para que o alumno adquira os coñecementos teórico-prácticos relativos á modalidade de tradución audiovisual coñecida como voces superpostas ou voice over. Con este fin, presentaranse e analizaranse as características principais da modalidade e todo o proceso polo que pasa o tradutor, facendo especial fincapé nas convencións que debe utilizar e as principais dificultades ás que se enfronta, relacionadas basicamente co xénero documental e a divulgación científica no medio audiovisual, mais tamén cos novos xéneros emerxentes que tamén apostan por esta modalidade, como son os realities. O alumno ademais deberá ser capaz de defender argumentativamente as traducións que realice.			

## Competencias de titulación

Código				
A2	2. Manexar con destreza as ferramentas tecnolóxicas e informáticas máis relevantes para o seu uso nos contextos profesionais.			
A3	3. Executar os procedementos e técnicas de tradución dos diferentes produtos multimedia.			
A5	5. Demostrar un espírito crítico ante fenómenos culturais, e práctico á hora do seu transvasamento.			
A6	6. Desenvolver coñecementos, habilidades e destrezas que permitan a incorporación ao exercicio profesional no campo da tradución multimedia.			
A7	7. Xestionar, elaborar e revisar proxectos de tradución multimedia.			
A9	9. Coñecer elementos e técnicas avanzados da tradución multimedia nas súas distintas especialidades.			
A10	10. Realizar unha análise do TO e do seu encargo e seleccionar unha estratexia de transvasamento apropiada.			
A11	11. Aplicar os coñecementos adquiridos e ter capacidade de resolución de problemas.			
A12	12. Defender o seu traballo de tradución ante públicos especializados e non especializados.			
A14	14. Detectar, analizar e resolver adecuadamente problemas de transvasamento cultural en diferentes produtos multimedia.			
A15	15. Poner en relación a culturalidade do produto orixinal multimedia co correspondente ámbito social e os destinatarios-meta.			
A16	16. Modular a culturalidade-orixe en atención a diferentes destinatarios-meta.			
A18	1. Coñecer en profundidade os modelos teóricos que se ocupan da tradución multimedia.			
A19	2. Realizar procuras documentais para a tradución multimedia.			
A22	5. Coñecer en profundidade os procedementos e técnicas de transvasamento adecuados dos diferentes produtos multimedia e saber xustificar as decisións tomadas.			
A24	7. Coñecer en profundidade e describir textos multimedia.			
A25	8. Identificar problemas informativos nos devanditos textos.			
A26	9. Aplicar protocolos de procura documental en procesos de tradución multimedia			
A27	10. Utilizar as ferramentas tecnolóxicas pertinentes nas procuras documentais vinculadas a este tipo de tradución.			
A37	19. Ser responsable de todas as solucións do texto traducido e ser quen de xustificalas.			
A41	23. Identificar e delimitar problemas de tradución.			

A42	24. Analizar de xeito crítico o TO e avaliar e empregar satisfactoriamente ferramentas terminográficas, lexicográficas e documentais, segundo a súa utilidade para a tradución multimedia.
A44	26. Ser responsable de todas as solucións do texto traducido e ser quen de xustificalas.
A71	53. Coñecer en profundidade a historia e evolución do voice over.
A72	54. Coñecer en profundidade as etapas do proceso de voice over
A73	55. Coñecer en profundidade as condicións laborais e convencións do voice over e o seu discurso, e aprender a manexar software de voice over.
A74	56. Coñecer en profundidade os principais problemas do voice over (xerais e específicos) e adquirir práctica nesta modalidade.

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
O alumno aprenderá as bases teóricas sobre as que descansa esta modalidade de trasvase audiovisual: definición, características diferenciais e proceso.	saber	A18 A71 A72 A73 A74
O alumno coñecerá as características diferenciais dos diferentes formatos que admiten as voces superpostas e as dificultades específicas que supón cada un deles.	saber saber facer	A2 A5 A9 A14 A15 A16 A19 A24 A25 A26 A74
O alumno levará a cabo con éxito tódalas fases do proceso de voice over respectando as convencións da modalidade e as restricións temporais. Ademais será capaz de defender o seu traballo.	saber facer	A2 A3 A6 A7 A10 A11 A12 A14 A15 A16 A19 A22 A26 A27 A37 A41 A42 A44 A74

### Contidos

Tema	
1. Voces superpostas	1.1. Aspectos teóricos e bibliografía recomendada 1.2. Aspectos prácticos
2. Formatos que admiten voces superpostas	2.1. Documentais de divulgación científico-técnica 2.2. Reportaxes e documentais humanísticos 2.3. Realities e extras de cine
3. Proxecto de dobraxe para voice over	3.1. Prácticas de voice over 3.2. Proxecto de voice over

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas autónomas a través de TIC	0	35	35

Foros de discusión	20	0	20
Titoría en grupo	10	0	10
Actividades introductorias	2	0	2
Estudios/actividades previos	0	35	35
Traballos e proxectos	0	18	18
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	0	30	30

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas autónomas a través de TIC	Os contidos teóricos que o alumno deberá asimilar exercitaranse a través de actividades e distintos tipos de exercicios que o alumno realizará individualmente.
Foros de discusión	Nos foros de discusión, poñeranse en común e discutiránse as solucións dadas ás prácticas autónomas.
Titoría en grupo	As titorías grupais (ou individuais, dependendo de se as entregas obrigatorias da materia fanse individualmente ou en grupo) utilizaranse para despexar dúbidas relativas ás encomendas a través das que se avalía a materia e para revisar as mesmas unha vez entregadas.
Actividades introductorias	A primeira sesión da materia será presencial (aínda que tamén será gravada e colgada na plataforma do posgrao) e dedicarse a explicar con detalle os obxectivos que se pretende acadar, o temario, a forma en que se desenvolverá a docencia e os procedementos de avaliación.
Estudios/actividades previos	O alumno contará, na plataforma do posgrao, dunha guía cos principais contidos da materia desenvolvidos, así como dunha bibliografía básica de lectura obrigatoria, que debe asimilar co fin de poder realizar con éxito os exercicios prácticos.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudios/actividades previos	O alumno recibirá atención personalizada en tódolos momentos do proceso de aprendizaxe se así o require.
Prácticas autónomas a través de TIC	O alumno recibirá atención personalizada en tódolos momentos do proceso de aprendizaxe se así o require.
Foros de discusión	O alumno recibirá atención personalizada en tódolos momentos do proceso de aprendizaxe se así o require.
Titoría en grupo	O alumno recibirá atención personalizada en tódolos momentos do proceso de aprendizaxe se así o require.
Actividades introductorias	O alumno recibirá atención personalizada en tódolos momentos do proceso de aprendizaxe se así o require.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos e proxectos	O alumno levará a cabo unha encomenda de tradución mediante voice over (individual ou en grupo) que suporá a posta en práctica dos contidos da materia e que consistirá nunha encomenda de traballo simulado ou real, xunto cun informe crítico e apoiado en fontes de autoridade dos problemas xurdidos e das estratexias de resolución aplicadas.	40
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	O alumno realizará tres actividades (ou grupo de actividades) que deberá entregar ó final da terceira, cuarta e quinta semana a través das que exercitará os contidos teóricos da materia. As actividades (ou grupo de actividades) serán de entrega obrigatoria e cada unha suporá un 20% da nota final.	60
	O alumno tamén realizará dúas actividades introductorias durante as dúas primeiras semanas que se avaliarán conxuntamente coa participación nos foros.	

### Outros comentarios sobre a Avaliación

En tódolos casos será requisito indispensable para superar a materia acadar unha puntuación mínima de 5 puntos no proxecto final.

Aqueles alumnos que non superen a materia poderán presentarse na convocatoria de xullo (calendario oficial da Uvigo). Deberán entregar un dossier coas respostas a tódalas cuestións propostas no foro e unha serie de actividades breves e un proxecto extenso distinto ó realizado polos alumnos que seguiron a docencia e superaron o módulo.

---

## Bibliografía. Fontes de información

---

Vilnius: Faculty of Philology, University of Vilnius.

Cabré, M. T. Cebrián, Mariano (1992) *Géneros informativos audiovisuales. Radio, televisión, periodismo gráfico, cine, vídeo*. Madrid: Ciencia.

Chaume, Frederic (2005) [Los estándares de calidad y la recepción de la traducción audiovisual]. *Puentes. Hacia nuevas investigaciones en la mediación intercultural*, 6, pp. 5-12.

Díaz-Cintas, Jorge & Orero, Pilar (2005) [Screen Translation, Voice-over]. *Encyclopedia of Languages*, London: Elsevier, 473.

Dries, Josephine (1994) [Slightly Out of Synch], a *Television Business International* (December): 62-63.

franco, eliana, matamala, anna, orero, pilar (2010) *Voice-over Translation: An Overview*. Berna: Peter Lang.

--- (2000) *Revoicing the Alien in Documentaries. Cultural Agency, Norms and the Translation of Audiovisual Reality*, Doctoral thesis, --- (2001) [Voiced-over television documentaries. Terminological and conceptual issues for their research], *Target* 13:2, 289-304.

la Plana: Publicacions de Grigaraviciute, I.& H. GoTlieb (1999) [Danish Voices, Lithuanian Voice-over. The Mechanics of Non-Synchronous Translation], en *Perspectives: Studies in Translatology*, 7:1, 41-80.

Luyken, G.M. (1991) *Overcoming Linguistic Barriers in Television. Dubbing and Subtitling for the European Audience*. Manchester: The European Institute for the Media.

-- (2008) Módulo de "Doblaje" del Máster en Traducción Audiovisual. Barcelona: Universidad Autónoma de Barcelona.

Mayoral, roberto (2000) [La traducción audiovisual y los nombres propios], a Lorenzo, Lourdes&Pereira, Ana M. (eds.) *Traducción subordinada (1). El doblaje (inglés-español-galego)*. Vigo: Servicio de Publicacións, Universidade de Vigo.

Merino Álvarez, Raquel (2005), [La enseñanza de la TCT]: una propuesta mixta], en *La traducción audiovisual: investigación, enseñanza y profesión*. P. Zabalbeascoa, F. Chaume y L. Santamaría, eds. Granada, Comares, 37-50.

Orero, Pilar (2004) [The Pretended Easiness of Voice-over Translation of TV Interviews], a *Jostrans* 2 [www.jostrans.org/issue02/articles/p\_orero.htm]

---- (2006) [Synchronization in Voice-over]. A José María Bravo (ed.) *A New Spectrum of Translation Studies*. Valladolid: Publicaciones de --- (2009) [Voice-over in Audiovisual Translation". Gunilla Anderman & Jorge Díaz Cintas (eds) *Audiovisual translation. Language Transfer on Screen*. London; Palgrave Macmillan. 130-139.

Paquin, Robert (1998) [Translator, Adapter, Screenwriter], in *Translation Journal* 3, July 1998 <http://accurapid.com/journal/05dubb.htm>.

---

## Recomendacións

---

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Aspectos Interculturais da Tradución Multimedia/V01M079V01102

Doblaxe/V01M079V01104

Novas Tecnoloxías e Tradución Multimedia/V01M079V01101

Recursos Documentais para a Tradución Multimedia/V01M079V01103

---